



CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 30 de setembro de 2020 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que e establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 8/10/20), realizarase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do Colexio.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- O Director ou directora do Centro.
- Un profesor ou profesora.
- Un pai ou nai ou titor legal.
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste Centro o próximo **día 30 de outubro, venres, ás 11:30 horas.**

Ourense, 16 de outubro de 2020

O/A DIRECTOR/A DO CENTRO,

Asdo.: José Manuel Rego García